

OS IRMÁNS SISTERS

[Jacques Audiard, 2018]

525

ESTREA EN NUMAX: 10.05.2019 | V.O.S.E. | +12

Les Frères Sisters (2018, 121')

Dirección: Jacques Audiard

Guión: Jacques Audiard, Thomas Bidegain (Novela: Patrick Dewitt)

Elenco: Joaquin Phoenix, John C. Reilly, Jake Gyllenhaal, Riz

Ahmed, Rebecca Root, Jóhannes Haukur Jóhannesson, Ian

Reddington, Philip Rosch, Rutger Hauer, Carol Kane

Son: Brigitte Taillandier

Montaxe: Juliette Welfling

Dirección de arte: Antonio Calvo-Dominguez, Dominique Moisan, Serban Porupca

Vestuario: Milena Canonero

Música: Alexandre Desplat

Fotografía: Benoît Debie

Produtoras: Annapurna Pictures, Why Not Productions, Michael De Luca Productions, Page 114, Mobra Films Productions, KNM, Top Drawer Entertainment, France 2 Cinema, France 3 Cinéma, UGC Images, Apache Films, Les Films Du Fleuve (Francia-EEUU-España-Romanía)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2018 (Mellor Dirección), César 2019 (Mellor Dirección, Fotografía, Son, Deseño de Producción), Lumière Awards 2019 (Mellor Filme, Dirección, Fotografía), Toronto 2018 (Presentación Especial)

FILMOGRAFÍA

Dheepan, 2015

De óxido y hueso, 2012

Un profeta, 2009

De latir, mi corazón se ha parado, 2005

Lee mis labios, 2001

Un héroe muy discreto, 1996

Mira a los hombres caer, 1994

SINOPSE

Corre o ano 1850. Charlie e Eli Sisters viven nun mundo salvaxe, en plena febre do ouro. Son pistoleiros e ambos teñen as mans manchadas de sangue. Aínda que daría todo polo seu irmán pequeno, o introspectivo Eli soña con poder levar unha vida normal. Unha encarga do Comodoro, que quere eliminar a un químico buscador de ouro, levaos de Oregón a California nunha viaxe iniciática que porá a proba o vínculo entre os dous irmáns.

«Custa lembrar un *western* recente onde o amor masculino estea tratado con tanta sensibilidade»

Sergi Sánchez, LA RAZÓN



“Conseguimos abrir unha terceira vía: apaciguar o vello oeste”

Entrevista con Jacques Audiard

Como xurdiu este proxecto? Pois dun xeito bastante novo para min. Neste caso, a idea non se me ocorreu a min senón a John C. Reilly e a súa muller, a produtora Alison Dickey. Cando nos coñecemos en 2012 no Festival de Toronto, onde se estaba a proxectar o meu filme *De óxido y hueso* (2012), pedíronme que lese a novela de Patrick deWitt, da que tiñan mercado os dereitos non había moito, e teño que admitir que me gustou moito. Esta foi a primeira vez que aceptei unha proposta de material para un filme. Até entón, sempre traballara coas miñas propias ideas ou a base dalgunha novela que lín, é dicir, creando os meus propios filmes. De ter sido só por min, nunca me tería atopado co libro de deWitt nin tería feito un western.

Nunca antes soñaras con facer un western dos de antes? A verdade é que non, nunca me sentín especialmente atraído polo xénero. Interésame máis a época na que empezou a decaer, con títulos máis ou menos posmodernos como *Pequeño gran hombre* (1970) ou *Missouri* (1976), ambos de Arthur Penn. Se falamos de westerns máis clásicos,

pásame o mesmo. Chámanme máis a atención os filmes do crepúsculo do vello oeste, aqueles que máis ben criticaban o propio xénero, como *Río Bravo* (1959), *O home que matou a Liberty Valance* (1962) ou *El gran combate* (1964). Desde o punto de vista narrativo, aínda que épico, o western é bastante lineal e non ten moito suspense, e creo que o meu traballo sempre se soe decantar por historias máis complexas.

Moitos westerns tratan sobre a moral, cando menos desde o punto de vista dun dos personaxes. N'Os irmáns Sisters queda claro onde están os límites morais dun dos irmáns. Certo, o punto de vista de Eli vai mudando ao longo da viaxe. O obxectivo do filme preséntase a través de Warm e como os seus ideais van seducindo ao resto, un a un. Esa foi unha das partes máis importantes á hora de escribir esta adaptación. Para conseguilo inspirámonos na historia real dos sansimonianos que migraban polos Estados Unidos no século XIX, un grupo de protosocialistas europeos que quería construír unha nova sociedade.

Así que nunca pensou no filme como unha simple reflexión sobre o xénero. Como se representa o western hoxe en día? Podemos identificar dúas correntes. Por unha banda, están os que se basean nos clásicos, como *Appaloosa* (Ed Harris, 2008) e *Open Range* (Kevin Costner, 2003), que renden homenaxe aos arquetipos tradicionais, as paisaxes, etc. Pola outra, temos o enfoque de Quentin Tarantino: irónico e coa ultraviolencia

propia destes tempos. C'Os irmáns Sisters, porén, coido que conseguimos abrir unha terceira vía: apaciguar o vello oeste.

Como foi dirixir a Joaquin Phoenix?

Joaquin é o home máis encantador que coñecín na miña vida. Nada máis comezar díxome: «Jacques, non son un actor profesional». É difícil tomar en serio esa afirmación tendo en conta que leva diante das cámaras desde os oito anos. Ao remate de cada toma el sempre ficaba a esperar que te aproximases e lle dixeses que tal tiña estado e que cousas tiña que mellorar para a vindeira ocasión. Mesmo despois de dicirlle que todo estaba ben el seguía a ter dúbidas.

Como foi colaborar co director de fotografía Benoît Debie?

Tanto Harmony Korine como Gaspar Noé conseguiron que admirase o traballo de Benoît. Ante todo o que el quería é que a película se filmase en 35mm. El é dos poucos directores de fotografía que hoxe en día o que buscan é capturar as cores e non ficar nesa aparencia pouco saturada e con predominio de azuis que se converteu en estándar coas capturas dixitais. O resultado foi unha paleta de cores escuras pero, cando hai un pouco de luz, a imaxe faise moi colorida, mesmo en exteriores. Tentamos ter presentes aqueles daguerrotipos que se facían sobre placas de metal no século XIX e que logo se retocaban con algún vermello, verde ou —o que vén moi ao caso— con ouro.

Publicado en <http://www.avalon.me>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Los hermanos Sisters, Patrick deWitt
Anagrama, 2013

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?

